


Documento distribuído por
 culturagalega.org

“Concepción Arenal”

Artigo de Elena e Sesé publicado na revista *Andaina. Revista do movemento feminista galego*, nº14, marzo de 1988, p. 24-25



Consello da Cultura Galega
Sección de Filosofía e Pensamento
Comisión Técnica de Xénero

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

CONCEPCIÓN ARENAL

*“As desexan mais caseiras os mesmos que as
queren ignorantes”*

Otro ano máis estamos a celebrar o “Día da muller traballadora” e coidamos que podería resultar clarificadora esta ollada retrospectiva á cabeceira do noso século, atisbar no pasado que nos antecede a nada gratificante experiencia laboral das mulleres do século XIX. A traveso de Concepción Arenal aproximaremos-nos aos aspectos máis relevantes do seu acontecer. (Tomaremos como referencia o libro editado en JUCAR: *A emancipación da muller en España*, onde se recollen algúns dos seus traballos acerca da muller. Todos os entremillados seguintes están extraídos deste texto).

Nos tempos da nosa escritora, a situación laboral da muller non podía ser calificada máis que de caótica. Como ela mesma di:

“A muller carece polo común de educación industrial; de xeito que só pode desenrolar un curto número de traballos mecánicos e, como ten menos forza muscular que o home, resulta que é un obreiro menos intelixente e máis débil”.

Fálanos a autora ferrolana das poucas posibilidades de elección que entón tiña a muller; todos os empregos lucrativos estaban acaparados polos homes.

“As leises administrativas e de ensino exclúen á muller de todos os cargos públicos e do exercicio de todas as profesións, co-

mo non sexa o maxisterio nos seus últimos graos, a venda de efectos timbrados e de tabaco, que monopoliza o goberno; algunhas prazas de telégrafos e no servizo de teléfonos. Así pois, os únicos postos oficiais que a muller pode ocupar son: mestra de nenas, telegrafista, telefonista e mais estanqueira; ráñña poder ser tamén; en España no rexiu nunca a Lei Sálica”.

Concreta en catro as causas de semellante estado:

- a falla de cultura
- o costume
- a desenfrenada concurrencia
- o desdén da opinión

As mulleres estálles vedado o desenrolo da maior parte das súas aptitudes. Xa desde nenas na escola, descoida-se a súa instrución primaria. Moitas nin si-



quera van, ou si asisten é para adprender a coser mal ou, como moito, adprender as primeiras letras. Non se lle ensina un oficio: na teoría non vai ser ela o “pilar económico” da familia. A situación que como regra e realidade supónse, é a da muller no foqar sin máis ocupación que éste.

Pero na realidade a muller sae e ten que saír a traballar fora:

“Solteira e soia ten que satisfacer as súas necesidades. Nai e con fillos pequenos, ten para crialos que saír para ‘axudar ó seu home’, no caso máis xeral de que o seu salario sexa curto e inseguro. Filla ten que auxiliar ós seus pais. Viuva ou abandonada polo seu home ou o seu amante, leva sobre sí todo o peso da familia”.


Mas, dentro ou fora da casa, as desigualdades laborais están sempre en contra da muller. Dentro da casa,

é ela a que se ocupa das tarefas domésticas, educación e coidado dos fillos, atención dos vellos, etc, etc... Fora da casa, debido á falla de preparación industrial, só pode acceder a traballos monótonos, nada atractivos, rutinarios, anti-hixiénicos, embrutecedores... ó que se xunta outra “desventaxa”, que é a desesperada concurrencia: sendo moi pouco os traballos ós que pode adicarse, hai unha excesiva demanda de mulleres para desempeñalos, do que resulta unha retribución irrisoria.

A situación da muller que non ten máis recursos que o seu traballo é a miseria. A miseria abregue unhas pésimas condicións de vida, que levan ás mulleres á enfermidade e, en moitos casos, á morte: doce ou catorce horas dobrada enriba da máquina, respirando unha atmósfera infecta, comendo mal, sen facer exercicio físico, sempre sentada ou sempre de pé, soportando posturas antihixénicas, con moito frío ou moita calor... Concepción Arenal escribe:

“/Se o mundo fora meu —dicía unha muller— houbera-o dado por non me erguer; pero como o mundo non lle pertencía nin nel había quen a coidara e sostivera, erguéuse un día e outro, e moitos, ate aquel en que caeu para sempre. Así caen centos e miles. E caerán ate que non se mellore a súa condición económica e se erga o seu espírito”.

Hoxe en día os diversos mecanismos que inciden no mantemento da desigualdade económica entre ambo-los dous sexos son moito mais sofisticados, e aínda que a "opinión" inclínase polo discurso da igoaldade, as chantaxes e ameazas —non sempre explícitas, a maioría delas encubertas— seguen a perpetuar unha igoaldade "formal" (mais vacía, non comprometida ca situación real) no que se refire ó dereito da muller a un posto de traballo digno, mas, en canto ós "deberes", en canto ó exercicio e posta en práctica dos mesmos dereitos e oportunidades, a praxe estará a refutar a pretendida asimilación político-social da igoaldade laboral para ambo-los dous sexos.



RESEÑA BIOGRAFICA DE CONCEPCIÓN ARENAL

—Concepción Arenal nace no Ferrol o 31 de xaneiro de 1820. (Neste ano imprántase en España a Constitución de 1812).

—Filla de María de la Concepción de Ponte y Tenreiro, e de Angel Arenal de la Cuesta —ambo-los dous de familias acomodadas—

—O seu pai será perseguido e posteriormente encadeado polos seguidores de Fernando VII. Contrae unha doenza mortal na cadea e morre.

Ao morrer o pai, a nai decide trasladarse a Armaño, no ano 1829. Ao día seguinte morre Luísa, a irmá mais pequena. Non habendo en Armaño condicións suficientes para educar ás súas fillas, María de la Concepción decide trasladarse a Madrid no ano 1834.

—En Madrid, Concepción ingresa nun colexio para "nenas distinguidas" ao que asisten tamén as súas curmáns, fillas do conde de Vigo. No colexio chamában-na "a filósofa". Segundo os seus biógrafos, ademprendeu italiano e francés ela soa.

—Pouco despois determíña deixar o colexio para adicarse por enteiro á lectura de libros de Filosofía, Historia, Socioloxía e Dereito.

—Quere ingresar na Universidade, mas a súa nai non o permite por non ser entón frecuente que unha xoven estudara.

—Aos vinte anos, Concepción trasládase a Armaño para atender a súa aboa paterna, enferma de gravidade.

—Entre os anos 1842-1845 *matricúlase na Universidade de Madrid. Va vestida de home.*

—Na Universidade coñece a Fernando García Carrasco, o seu futuro marido, que cursaba Xurisprudencia, mas que despois adicárase ao xornalismo; era asiduo colaborador do xornal "La Iberia".



Concepción Arenal

—Teñen tres fillos: a primeira, unha nena, morre aos 2 anos; os outro dous son Fernando e Ramón.

—Cando o seu marido enferma de tuberculose, Concepción publicará artigos na "Iberia" que firmará co nome do esposo. Fernando morre en 1857.

—Solicítase a praza de colaboradora fixa para Concepción no xornal, pero o director reducíelle as dúas onzas mensuais á metade.

—Por motivos económicos e sentimentais, Concepción vaixe vivir a Asturias —primeiro instálase na Isla, logo no Colloto, tras pasar por Oviedo, decide instalarse en Potes. Aquí coñece ó famoso violinista Jesús Monasterio, co que mantivo unha estreita amizade.

—En Potes adícase a escribir as primeiras obras filantrópicas, e a visitar enfermos a desherdados da fortuna.

—Monasterio propónlle que sexa ela quen forme a ala feminina dunha asociación benéfica. El fundara a rama masculina. Os principios destas organizacións estarían baseados nas conferencias da San Vicente de Paul.

—*En Potes publica o seu primeiro libro: A Beneficencia, a filantropía e a caridade, premiado pola Academia de Ciencias Morais e Políticas de Madrid no ano 1861.*

—Por temor a que se rexeitase o seu traballo, firmáralo baixo o nome do seu fillo Fernando, que entón tiña 11 anos.

—Descuberto o engano o xuíz volveu a deliberar a concesión ou non dese premio a unha muller. Foi a primeira muller á que Universidade lle otorgaba un premio de tanto prestixio.

—Concepción adica este libro á condesa de Espoz e Mina, Juana de Vega, sen coñecerla, mas con quen intimidaría na súa estancia na Coruña. No 1863 é nomeada polo Ministerio da Gobernación "Visitadora das prisións de Mulleres" da Coruña. Alí coñecerá á condesa, Juana de Vega, viuva do Xeneral Francisco de Espoz e Mina. Na casa da condesa eran frecuentes as reunións de señoras caritativas. Concepción decide a fundación do "Patronato dos Dez", que se ocupaba de ensinar ás reclusas a lér, a escribir, labores domésticas, e ás máis necesitadas cando xa cumpriran a condeia

—Entre 1864 e 1865 permanece en balnearios, aqueixada dunha grande fatiga. En réxime de "reposo absoluto" pasa dous meses na quinta de verao de Juana de Vega, en San Pedro de Nós.

—Polo seu libro *Cartas aos delinquentes* césan-na do seu cargo de visitadora. Mas ela segue a traballar a escribir en favor da reforma das prisións.

—En novembro de 1868 nomean-na "Inspectora de Casas de Corrección de Mulleres", cargo que ocupará ate o ano 1873.

—Como froito dos seus traballos, aí temos a reforma da lei penitenciaria en Xulio do 1869.

—Aos 51 anos publica "Cartas a un obreiro" na revista quincenal "La Voz de Caridad", fundada por Concepción e Antonio Guerola, a cuio sostenimento contribuíe tamén Juana de Vega. *En "Cartas a un obreiro" fai unha análise das relacións entre patrón e obreiros, abogando por un mellor trato para os obreiros.*

—No ano 1872 morre Juana de Vega. Déixa-lle a Concepción 40.000 reais de vellón, un reloxo, un anelo e unha escribanía de prata.

—Concepción Arenal morre en Vigo, aos 73 anos.